



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO TOXICÓMANO "ÉRGUETE".

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións Públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro, no marco das competencias en materia de asociacións e fundacións.

2.- **Antecedentes:** A Asociación Érguete vai desenvolver o programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a persoas con problemática legal (delincuentes primarios en período de suspensión de condena ou en circunstancias susceptibles de acceso ao Programa, cun baixo índice de perigosidade ademais de cun nivel medio-alto de motivación para o cambio). Este programa, que nace en resposta á petición de xuíces e fiscais de posta en marcha dun programa de intervención en delitos menores ou primeiros delitos como alternativa á pena privativa de liberdade ou compensatoria nas concesións de suspensión

3.- **Finalidade:** O obxecto da Asociación Érguete é destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro de fins de interese xeral para a comunidade, encamiñados a inserción socio-laboral de persoas con especial dificultade de integración na sociedade. En particular a entidade promoverá todas aquelas accións que, respectando as disposición legais existentes, fomenten a formación profesional, a reeducación, a reinserción social e alfabetización dos colectivos marxinais dentro da Comunidade Autónoma

4.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: O interese en impulsar aquelas alternativas á cadea que en determinadas condutas dan resultados máis eficaces e poden garantir unha mellor rehabilitación. No caso das persoas que sufriron penas privativas de liberdade hai que propiciar a súa reinserción socio-laboral, e traballar para facer comprender á sociedade que non abonda cunha resposta inmediata, de carácter punitivo e represivo nin cunha resposta centrada exclusivamente no ámbito xudicial ou policial, senón





que cómpre facer moito máis. Neste senso a sociedade ten unha responsabilidade importante apoiando as medidas de reinserción e integrando a estas persoas novamente na sociedade.

5.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza transferirá a Asociación de Axuda ao Toxicómano "Érguete" a cantidade de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000 €) distribuídos do seguinte xeito: VINTE E UN MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (21.125 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 e CATORCE MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (14.875 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.131A.481.0.

6.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016

A secretaría xeral técnica



Béntriz Cuiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Axuda ao Toxicómano "Erguete"*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 9 de maio de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

